

**RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN 2025/CP/093
(REFERENCIA AXUDA: 10-ID24)****ANTECEDENTES DE FEITO**

PRIMEIRO.- Con data 22/05/2025 publícase no TEO a convocatoria de contratación 2025/CP/093 para a contratación dun técnico de apoio á investigación no seno do proxecto *Comunicación e publicidade dixital con perspectiva de xénero para unha sociedade xusta e igualitaria*, referencia 10-ID24.

SEGUNDO.- Con data 17/07/2025 publícase a proposta de resolución provisional, na que figuran as persoas candidatas seleccionadas por orde decrecente de puntuación concedéndose un prazo de cinco días hábiles para presentar alegacións ante a Comisión.

TERCEIRO.- Con data 01/08/2025 publícase a proposta de resolución definitiva xunto coa acta de puntuacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Téndose cumprido as esixencias e condicións establecidas no Regulamento de contratación de persoal laboral no capítulo 6 para proxectos, axudas e convenios de investigación e transferencia de coñecemento, aprobado en Consello de Goberno de 5 de xuño de 2024, e constando motivación necesaria e suficiente na formulación da proposta de resolución definitiva pola Comisión de Selección, compre resolver a presente convocatoria e adxudicar o contrato á persoa seleccionada pola devandita Comisión.

Polo exposto,

RESOLVO adxudicar do contrato en favor de:

GONZÁLEZ MARTÍNEZ, LUISA IRENE con documento de identidade ***6934**

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Reitor no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no TEO.

A Coruña, na data da sinatura dixital

O VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

Código Seguro De Verificación	4DK5pxCDaT2juT40iknbwQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Investigación e Transferencia - Jerónimo Puertas Agudo	Asinado	13/08/2025 13:17:30
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/4DK5pxCDaT2juT40iknbwQ%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

